

ACTA NÚMERO: 25/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 26 DE XULLO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 26 de xullo de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona Carmen de Peña Vidal Técnica de Admón Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 12 de xullo de 2024 (Reunión 24/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa REVENIDAS S.C. (J94117678), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do Servizo de patrocinio publicitario do festival REVENIDAS 2024, a celebrar no concello de Vilagarcía de Arousa os días 12, 13, 14 e 15 de setembro, como festival incluído na marca RIAS BAIXAS FEST. (Expte.- 2024029410).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea, S.L. (B94078318), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Pelepau con cargo ao programa +Música 2024. (Expte.- 2024042317).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con destino á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliábeis mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, instalación e posta en marcha dun espectrómetro para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2024035685).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VIA España-Portugal (POCTEP) 2021-2027". (Expte.- 2024016156).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación avaliábeis mediante criterios automáticos do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VIA España-Portugal (POCTEP) 2021-2027". (Expte.- 2024016156).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliábeis mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro". (Expte.- 2024027810).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe



dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 12 de xullo de 2024 (Reunión 24/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 12 de xullo de 2024 (Reunión 24/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa REVENIDAS S.C. (J94117678), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do Servizo de patrocinio publicitario do festival REVENIDAS 2024, a celebrar no concello de Vilagarcía de Arousa os días 12, 13, 14 e 15 de setembro, como festival incluído na marca RIAS BAIXAS FEST. (Expte.-2024029410).

Por Resolución Presidencial 2024005590, de data 03/07/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da contratación do patrocinio publicitario do festival Revenidas 2024, a celebrar no concello de Vilagarcía de Arousa os días 12, 13, 14 e 15 de setembro, cun valor máximo estimado de 38.720,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresa REVENIDAS, S.C. (J94117678), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o 04/07/2024.

A empresa REVENIDAS, S.C. (J94117678), presentou a correspondente proposición o 10/07/2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	32.000,00 €
IVE (21 %)	6.720,00 €
Importe ofertado con IVE	38.720,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa REVENIDAS, S.C. (J94117678), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario do festival Revenidas 2024, a celebrar no concello de Vilagarcía de Arousa os días 12, 13, 14 e 15 de setembro de 2024.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea, S.L. (B94078318), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Pelepau con cargo ao programa +Música 2024. (Expte.- 2024042317).*

Por Resolución Presidencial 2024005775, de data 10/07/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da contratación de dúas actuacións do grupo Pelepau con cargo ao programa +Música 2024, cun valor máximo estimado de 21.600,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresa ODAIKO KREA, S.L. (B94078318), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Licitación Electrónica (Vortal) que se produce o 12/07/2024.

A empresa ODAIKO KREA, S.L. (B94078318), presentou a correspondente proposición o 23/07/2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	17.850,00 €
IVE (21 %)	3.748,50 €
Importe ofertado con IVE	21.598,50 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa ODAIKO KREA, S.L. (B94078318), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Pelepau con cargo ao programa +Música 2024.

4. *Proposta de adxudicación do procedemento convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con destino á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).*

O Secretario da Mesa de Contratación, a través de escrito de data 09 de xullo de 2024 (CSV: 7GX5L8UNIJPTUVMW), informa dos detalles máis relevantes do procedemento tramitado, mediante concurso público, para contratación do arrendamento dun local



destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Vilanova de Arousa, e que son os seguintes:

- Unha vez examinada a documentación xeral presentada nos sobres “A” polas empresas licitadoras a este procedemento, as empresas admitidas foron as seguintes:
JOSE MANUEL DEL RÍO ROMA (DNI: 35407110J)
ÁNGELA OTERO BERMÚDEZ (DNI: 35441097Y)
- Empresa que acadou a mellor puntuación segundo o resultado da valoración do sobre “B”, de documentación avaliada mediante xuízos de valor:
JOSÉ MAUEL DEL RÍO ROMA (DNI: 35407110J)
- Resumen puntuación total:

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
JOSÉ MANUEL DEL RÍO ROMA	22	20	42

O Secretario da Mesa de Contratación informa, que a petición do servizo do ORAL, faise requirimento a empresa que acadou mellor puntuación, para que aporte documentación aclaratoria con respecto o informe técnico emitido.

Unha vez obtida a documentación aclaratoria solicita ao empresario José Manuel del Río Roma, os técnicos do Servizo de Arquitectura a través de escrito con CSV : E06LFWC9P4GCTMG6 informan que non aprecian inconveniente para a realización das actuacións propostas.

Á vMesa de Contratación acorda:

- 1) Prestar conformidade ó informe do servizo de Arquitectura en relación a documentación aclaratoria aportada por José Manuel del Río Roma.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas do procedemento convocado mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Vilanova de Arousa, que quedan da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIONES TOTAIS
1ª	Don José Manuel del Río Roma (DNI: 35407110J)	42 puntos

- 3) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato para o arrendamento dun local destinado á oficina



periférica do ORAL no concello de Vilanova de Arousa ao empresario, JOSE MANUEL DEL RÍO ROMA (DNI: 35407110J), conforme ao seguinte detalle:

Prezo mensual ofertado

Prezo mensual ofertado sen IVE	650 €/mes
IVE (21%)	136,50 €/mes
Prezo mensual ofertado total	786,50 €/mes

5. Apertura electrónica dos sobre “únicos”, correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, instalación e posta en marcha dun espectrómetro para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2024035685).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2024005578 de data 02/07/2024 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración, instalación e posta en marcha dun espectrómetro para o laboratorio da Finca Mouriscade.

Con data 03/07/2024, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a resolución de aprobación do expediente e os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos presentáronse as seguintes empresas:



1. AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN, S.L. (CIF B86907128)

Os valores ofertados polo único licitador foron os seguintes:

- Importe sen o IVE: 70.039,52 €
- IVE (21 %): 14.708,30 €
- Importe total ofertado: 84.747,82 €

A maiores, xunto coa oferta económica, o licitador remite a correspondente ficha técnica do espectrómetro ofertado, conforme o esixido nos pregos.

En base ó anterior, e antes de proceder á valoración dos prezos ofertados, a Mesa acorda:

1. Admitir as seguintes empresas no procedemento aberto simplificado convocado:

- AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN, S.L. (CIF B86907128)

2. Dar traslado da ficha de característica técnicas ó servizo de Medio Ambiente, para que os técnicos deste servizo emitan o correspondente informe de adecuación do espectrómetro ofertado ás características técnicas requiridas no prego.

6. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VIA España-Portugal (POCTEP) 2021-2027”. (Expte.- 2024016156).*

O Secretario informa que mediante Resolución Presidencial 2024005632 de data 04/07/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en habitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 Biocosteiro 1-E) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.



O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/07/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte empresaria:

-Elena Vázquez Portela (CIF-76.931.855 Y)

7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VIA España-Portugal (POCTEP) 2021-2027". (Expte.- 2024016156).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2024005632 de data 04/07/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en habitats costeiros galaicos portugueses para



promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 Biocosteiro 1-E) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación Interreg VI A España-Portugal (Poctep) 2021-2027.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/07/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 26/07/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A" correspondentes a "documentación administrativa", sendo admitida a única empresaria presentada Elena Vázquez Portela (CIF-76.931.855 Y).

A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descrición e descarga da documentación do sobre B, correspondente ós criterios de valoración automática presentada pola única empresa presentada e admitida ao procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo.

O valores ofertados segundo constan no Anexo I foron os seguintes:

1.-

Prezo ofertado:

Importe sen IVE: 57.600,00 €

IVE (21. %): 12.096,00 €

Importe total ofertado: 69.696,00 €

Nota: o importe ofertado sen IVE non pode ser superior a 67.599,97 €

2.- Formación a maiores do persoal proposto para a execución do contrato.

Posto	Relación numerada de masters ou postgrados relacionados co ámbito do medio ambiente (tales como master en bioloxía mariña, máster en biodiversidade terrestre, etc)
Xefe/a de equipo	1. Máster en Planificación y Gestión Integrada de Áreas Litorales 2. Programa de Doctorado en Biología Marina y Acuicultura (1er curso) 3. Especialista Universitario en Economía Pesquera 4. Técnico Superior en Prevención de Riesgos Laborales (Especialidad Higiene Industrial).



	5. Experto Universitario en Responsabilidad e Innovación Social
Técnico de xestión	<p>1. Máster en Planificación y Gestión Integrada de Áreas Litorales</p> <p>2. Programa de Doctorado en Biología Marina y Acuicultura (1er curso)</p> <p>3. Especialista Universitario en Economía Pesquera</p> <p>4. Técnico Superior en Prevención de Riesgos Laborales (Especialidad Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:040IMAA7NJ8AQNA6 CONSEAB_3.5 62 Higiene Industrial).</p> <p>5. Experto Universitario en Responsabilidad e Innovación Social.</p>

3.- Experiencia adicional acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por fondos europeos no ámbito do medio ambiente do equipo de traballo proposto a maiores do mínimo esixido:

Posto	Nº total de anos de experiencia acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente (Nº anos de experiencia mínima + nº anos ofertados a maiores)
Xefe/a de equipo	Nº total de anos de experiencia acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente: 13 (3 anos de experiencia no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente. Fondos FEMP, FEMPA, FSE, LLP, etc. + 10 anos de experiencia no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente. Fondos FEMP, FEMPA, FSE, LLP, etc.)
Técnico de xestión	Nº total de anos de experiencia acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente: 13 (3 anos de experiencia no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente. Fondos FEMP, FEMPA, FSE, LLP, etc. + 10 anos de experiencia no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente. Fondos FEMP, FEMPA, FSE, LLP, etc.)

4.- Dominio da lingua portuguesa do persoal proposto.



Posto	A persoa proposta dispón como mínimo do certificado de nivel avanzado C1 de portugués.	
Xefe/a de equipo	SI <input checked="" type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Técnico de xestión	SI <input checked="" type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>

4.- Dominio da lingua inglesa do persoal proposto.

Posto	A persoa proposta dispón como mínimo do certificado de nivel avanzado C1 de inglés.	
Xefe/a de equipo	SI <input checked="" type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Técnico de xestión	SI <input checked="" type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>

Os valores expostos son os indicados pola empresa no anexo I. Non obstante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas económico-administrativas no caso de ofertar os criterios relativos a formación a maiores, a experiencia adicional e o dominio das linguas inglesa e portuguesa a empresa deberá achegar a documentación acreditativa da realización dos masters ou postgrados relacionados co ámbito do medio ambiente, a documentación acreditativa da experiencia adicional no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados pola Unión Europea así como as titulacións que acrediten o dominio das mencionadas linguas.

A vista do exposto a Mesa de Contratación acorda solicitar ao Servizo de Medio Ambiente a comprobación da documentación xustificativa achegada pola empresaria e que informe se se cumpren os requisitos esixidos nos pregos para a valoración dos criterios ofertados.

8. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro". (Expte.- 2024027810).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, número 2024005473 de data 27 de xuño de 2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de xullo de 2024.



Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.
- GRUNDILA, S.L.
- PEREIRO SUMINISTROS, S.L.
- RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	29.295,18 €	3,00%	36 MESES	NON APORTA	NON
GRUNDILA, S.L.	25.900,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
PEREIRO SUMINISTROS, S.L.	23.030,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON



RODIÑO TRANSPORTE S.L.	OBRAS	Y	28.751,13 €	1,50%	24 MESES	NON	NON
---------------------------	-------	---	-------------	-------	----------	-----	-----

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, PEREIRO SUMINISTROS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trece minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

